EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO
Tlfno. 982524003/Fax: 982507421
Praza do Concello,1
27740 Mondoñedo (Lugo)
concellomondonedo@gmail.com

MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE (1 para 1)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 04/11/2026
HASH: efc4c4f1c286fbb21f79def6ed3a3739

BANDO

DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

FAGO SABER:

Con motivo da celebración da V Edición do Festival Breason e o Magosto popular que terá lugar o día **7 de novembro de 2026**, e co fin de garantir a seguridade das persoas, o bo desenvolvemento das actividades e a protección do Conxunto Histórico,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Prohibición de estacionamento e corte ao tráfico rodado.

Queda prohibido o estacionamento de vehículos e cortado o tráfico rodado o sábado, día 7 de novembro de 2026, dende as 12:00 horas ata as 04:00 horas do domingo día 8 de novembro, nas seguintes rúas:

Rúa Concepción
Rúa Progreso
Rúa Lence Santar
Rúa Alfonso VII
Rúa Lodeiro Piñeiroa
Rúa Andrés Baamonde
Rúa Casas Novas

A prohibición de estacionamento farase efectiva dende as 12:00 horas do mesmo día 7 para permitir a instalación de valado e sinalización.

SEGUNDO.- Garantía de emerxencias e garaxes.

En todo momento quedará garantido o paso a vehículos de emerxencia (sanitarios, bombeiros, Garda Civil e Protección Civil) e o acceso a garaxes particulares dos veciños e veciñas residentes, debendo seguir en todo caso as indicacións da organización, da Policía Local e de Protección Civil.

Pregamos a máxima colaboración da veciñanza e desculpen as molestias. O Festival Breason é un evento de interese cultural para a nosa cidade.

O que fai saber para xeral coñecemento.

En Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde,

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Cod. Validación: 6AMQ9QHA7TJLM2XSNAYWHK5MZ
Corrección: https://mondonedo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1